

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

3.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN DE NICHOS DO CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 10267/255.

Visto o informe de fiscalización 27.11.14, dáse conta do informe-proposta do 27.11.14, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

4.- Propostas de adxudicación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255), no seguinte orde decrecente:

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
1 ^a	UTE ACEVI, S.L.- GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	16,40	80	96,40
2 ^a	GEOTÉCNIA Y CIMENTOS, S.A	15,90	50,58	66,48

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 180.000 euros.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 646,40 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 21 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 24 de novembro de 2014, esta acorda requirirille que acredite a súa solvencia técnica, notificándose este acordo en data 24 de novembro de 2014.

Terceiro.- En data 26 de novembro de 2014, o licitador presenta certificados de boa execución para acreditar a súa solvencia técnica. Revisada esta documentación na sesión da Mesa de Contratación de 27 de novembro de 2014, a mesa, á vista de que queda acreditada a solvencia técnica do licitador, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCS).

Á vista dos informes dos arquitectos municipais, de datas 04-11-2014 e 07-11-2014 valorando os criterios non avaliados mediante fórmula, e do xefe do servizo de Medio ambiente, Sanidade e Consumo de data 13-11-2014, valorando os criterios avaliados mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a U.T.E. ACEVI, S.L-GPD CONSTRUCCIONES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de consolidación de nichos do cemiterio de Teis (expediente 10267-255) por un prezo de 89.355,87 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Oferta un incremento do prazo de garantía de 48 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e oito do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.